



En los Colegios de Anceis, la Guardia y Vigo¹

At the Anceis, La Guardia and Vigo Schools

Xosé Manuel MALHEIRO GUTIÉRREZ
Universidade da Coruña

“Anceis, La Guardia y Vigo trazan un rastro luminoso en la educación cristiana y en la intensa cultura de la juventud gallega”.

Manuel Lago González, Arcebispo de Santiago, 1925.

RESUMO: *En los Colegios de Anceis, la Guardia y Vigo* é un libro conmemorativo elaborado por dous ex-alumnos seus, Xavier Ozores Pedrosa e Juan Moreno Oterino, publicado en 1925 con motivo das vodas de ouro do colexio xesuíta Apóstol Santiago (1872-1922) fundado pola Compañía en Galicia, que recolle “una colección de fotografías, y una conversación de dos antiguos alumnos, que dirán lo que vosotros habéis dicho en cien conversaciones, haciendo ésta, por lo tanto el número ciento uno”.² A través de 331 páxinas, este documento reflicte en diferentes apartados aspectos sobre a vida académica desta senlleira institución desde os seus inicios no pazo de Anceis (A Coruña, 1872-1875) berce familiar dun dos autores, pasando pola Pasaxe de Camposancos (A Guarda, 1875-1916) ata o seu traslado definitivo a Bella Vista (Vigo) en 1916.

PALABRAS CHAVE: Educación xesuíta; Colexio Apóstol Santiago; Camposancos; Restauración borbónica; Compañía de Xesús

ABSTRACT: *En los colegios de Anceis, la Guardia y Vigo* was first published in 1925 by two former students, Xavier Ozores Pedrosa and Juan Moreno Oterino, to mark the 50th anniversary of their alma mater, Apóstol Santiago, founded in 1872 by the Society of Jesus in Galicia. The book contains ‘a collection of photographs, and a conversation between two former students, talking about what you will have talked about in a hundred conversations before, making this the hundred and first’. The 331 pages of the volume

¹ Agradezo a Antonio Martínez Vicente o acceso a *En los Colegios de Anceis, la Guardia y Vigo* (1925) para poder elaborar este traballo.

² Xavier Ozores Pedrosa e Juan Moreno Oterino, *En los Colegios de Anceis, la Guardia y Vigo* (Vigo, 1925), p. 13. No sucesivo limitáremonos a indicar entre parénteses as páxinas ás que se fai referencia no propio corpo do texto (OM).

touch on different aspects of academic life at the school, from its foundation at the Pazo de Anceis, ancestral home of the Ozores family (A Coruña, 1872-1875), through its relocation first to Pasaxe de Camposancos (A Guarda, 1875-1916) and finally to Bella Vista (Vigo) in 1916.

KEYWORDS: Jesuit education; Apóstol Santiago; Camposancos; Bourbon Restoration; Society of Jesus.

Como explica José Barreras Massó, presidente naquela altura da asociación de antigos alumnos, “para los que hemos tenido la fortuna de recibir en los Colegios de Anceis, La Guardia o Vigo, las enseñanzas de la Religión y de la Ciencia, formando en ellos nuestra inteligencia y nuestra voluntad, las páginas atrayentes y conmovedoras de este libro, evocarán siempre en nuestras almas la emoción intensa de los dulces recuerdos de la juventud, en ellos pasada. Tal es la finalidad de esta simpática obra” (OM, 13).

Nunha primeira parte, asinada polos autores, relátase de xeito emotivo o reencontro coa vella institución motivado pola celebración do aniversario: “Las fiestas de las Bodas de Oro (1922), la solemne imposición de la Cruz laureada a un distinguido compañero nuestro, las excursiones al Colegio de La Guardia, y el trato que la Asociación de Antiguos Alumnos ha fomentado, nos han hecho revivir nuestros pasados años de colegiales: y como todo lo que sea volver la vista a los años niños y a los años mozos es rememorar lo que en nuestra existencia tomamos por *edad dorada*” (OM, 9).

Unha segunda parte recolle composicións, en prosa e verso, de varios alumnos e profesores onde se relata desde unha visión particular o paso polo Colexio, como fai Eliseo Sastre en “Recuerdos de La Guardia”; Claudio Rodríguez en “El Seminario de San José”; José Barreras Massó en “Páginas”; Victoriano García de Paredes en “Hace tres años”; Gumersindo Meirás Hurtado en “Adios al Colegio”; Cristóbal Valdés en “Soledades”; ou o doutor Rafael Álvarez Novoa en “Recuerdos Filarmónicos”. Por último, acompañanse varias listaxes de alumnos e profesores que formaron parte da matrícula e o claustro do Colexio durante eses anos, onde aparecen nomes de persoas con destaque posterior no mundo académico, político ou social de Galicia ou do Estado.

O documento achega tamén abundantes ilustracións —“desde los primeros tiempos de Anceis, la colección copiosa de La Guardia, la interesantísima de Vigo, y la información gráfica hecha exprofeso, de las fiestas de las Bodas de Oro”— que compoñen un rico catálogo fotográfico con información moi interesante sobre os relixiosos docentes, grupos de alumnos por cursos, vistas panorámicas dos edificios, das instalacións deportivas e das dependencias onde os colexiais desenvolvían as diversas tarefas da súa estancia académica, como as aulas, laboratorios, estudos etc., e reflicten “todas las ideas, sentimientos y recuerdos que en aquellos días tuvieron una vibración más viva en nuestra alma, para fijarlos en estas páginas, y que sean, como

el compañeiro que máis larga y asiduamente nos hable de nuestra época de colegio”. Completa o libro a reprodución de documentos sobre a vida cotiá da institución, caso de vales de diñeiro interno, cartillas de cualificacións, diplomas de conduta e aplicación; e outros máis curiosos como son as árbores xenealóxicas do profesorado e alumnado bacharel participante entre 1872 e 1922; un mapa onde se indican “los sitios predilectos de los paseos de los colegiales de La Guardia” ou o *Prospecto-programa* do Colexio de Anceis onde se recolle información relevante sobre os tramos de ensino, normas disciplinarias ou condicións de admisión, e que terá continuidade de aplicación no colexio de Camposancos. Tómase como exemplo o seguinte parágrafo:

En la dirección de los alumnos se emplearán con preferencia los medios de dulzura y emulación, procurando prevenir las faltas para no tener que corregirlas. Un alumno cuya conducta exigiere medios habituales de rigor, ó [sic] fuese perjudicial a los demás, no podría permanecer en el Colegio siendo motivos suficientes de exclusión la falta en los deberes religiosos, la inmoralidad, la insubordinación y pereza habitual.³

Ademais da análise do libro conmemorativo, este artigo complétase con outros datos baseados no traballo do historiador e relixioso da Compañía Evaristo Rivera Vázquez,⁴ quen máis detidamente estudou a vida do Colexio en Anceis, Camposancos ou Bella Vista; e outras fontes que aparecen nas referencias bibliográficas.

Encabeza a publicación unha dedicatoria do presidente honorario da Asociación de Antigos Alumnos,⁵ o arcebispo de Santiago na altura, Manuel Lago González: “Anceis, La Guardia y Vigo trazan un rastro luminoso en la educación cristiana y en la intensa cultura de la juventud gallega. Recorred ese camino en esta publicación, impregnada de amores antiguos. Desde el santuario del primer Civilizador y Educador de España lo recorre con vosotros en espíritu vuestro amigo” (OM, 7).

Camposancos, un faro cultural e científico que veu nacer as universidades de Deusto e Comillas

A sorte dos xesuítas en España, como a do resto de congregacións relixiosas dedicadas ao ensino, estivo ligada aos vaivéns políticos dun convulso e inestable século XIX. Tras a extinción pontificia de 1773, a Compañía de Xesús foi restablecida no mundo polo papa Pío VII en 1814 e, ao ano seguinte, reinstaurada en España por Fernando VII no seu primeiro período absolutista. Anos despois, en 1820, volve ser disolta e privada dos seus bens, feito que se repite en 1835 e novamente en 1868, durante a Revolución de Setembro, cando foron nacionalizadas as súas propiedades polo goberno do xeneral Serrano “que pasarán a formar parte del caudal

³ *El prospecto-programa del Colegio de Anceis* (A Coruña: Imprenta de D. Domingo Page, 1873).

⁴ *Colegio Apóstol Santiago, Historia de una larga peregrinación* (Vigo: Artes Gráficas Galicia, 1993); *Memoria de 125 años. Colegio Apóstol Santiago. Jesuítas-Vigo* (Vigo: Artes gráficas Vicus, 1998).

⁵ A Asociación de Antigos Alumnos do Colexio de Camposancos fundouse en 1920 e o seu primeiro presidente foi Xavier Ozores, un dos autores do libro-homenaxe.

de la nación”.⁶ Con todo, en Galicia, como lembra Evaristo Rivera, “el proceso de la Revolución distaba mucho de ofrecer los síntomas virulentos y anticlericales que mostró en otras partes de España”, o que propiciou que os xesuítas puidesen establecerse aquí por eses anos e crear centros de ensino con aparencia particular e titularidade interposta, acolléndose ao Decreto sobre ensinanza do 21 de outubro de 1868 e ao artigo 24 da Constitución de 1869, que permitía a todo español “fundar y mantener establecimientos de instrucción o de educación sin previa licencia, salvo la inspección y la autoridad competente por razones de higiene y moralidad”.⁷ Dese modo, o Sexenio Revolucionario vai representar inesperadamente una etapa fecunda para a actividade educativa dos xesuítas, con colexios en Sevilla, San Sebastián, Manresa, Valencia, Orduña, Villalba (Pamplona), Xerez, Zaragoza, Barcelona, Aneis e Orihuela. En Galicia, en 1880 contaban co colexio de Camposancos e as residencias de Santiago, A Coruña e Vigo.

Aneis, o berce fidalgo do Colexio

Os xesuítas chegaron á Guarda no ano 1875 provenientes do pazo de Aneis, no concello de Cambre e próximo á Coruña, propiedade do Antonio Ozores, conde de Priegue. Alí habilitárase en 1872 un colexio por misión encomendada a Tomás Gómez Carral —“Destinado a La Coruña en 1871, la serie sucesiva de iniciativas que llevan su marca, van a convertirlo en pocos años en nombre casi mítico — pero muy discutido— en el seno de la propia Compañía”—,⁸ relixioso cántabro procedente do Seminario Central de Salamanca, que o ocupou durante tres anos, de modo temporal e gratuíto xunto co soar, ata construír un edificio novo. Alí, xunto con outros nove xesuítas e 21 alumnos, que pasaron a ser 45 no seguinte curso e 60 dous anos despois, iniciaron un proxecto que tiña como fin “educar cristianamente a la juventud, y cumpliendo con lo que previene la ley para la validez de los cursos académicos, prepararla por medio de una instrucción sólida para todas las carreras a que disponen los establecimientos del Gobierno de igual clase” (OM, 30).

Así transcorrían os días e os alumnos “vivían alegres entre los estrechos muros. Tenían salud, eran dóciles y estudiosos y con el mismo entusiasmo jugaban que trabajaban, proporcionando a sus padres no poco consuelo”, como recoñecía o reitor durante unha visita do superior de Santiago, Victorino Medrano, en 1873. Estaban divididos en dúas clases e aprendían gramática latina e castelá, francés e debuxo. Asistían ás probas de fin de curso ao Instituto da Coruña, pero esta instalación, que acollía o Colexio Libre de Segunda Enseñanza del Apóstol Santiago, axiña

⁶ Evaristo Rivera Vázquez, *Colegio Apóstol Santiago, Historia de una larga peregrinación* (Vigo: Artes Gráficas Galicia, 1993), p. 26. No sucesivo limitáremos a indicar entre parénteses as páxinas ás que se fai referencia no propio corpo do texto (ER).

⁷ O Decreto do Ministerio de Fomento autorizaba o ensino “libre en todos sus grados y cualquiera que sea su clase” (Art. 5.º) e a calquera cidadán español a “fundar establecimientos de enseñanza” (art. 6.º).

⁸ José A. Durán, “La Universidad de Deusto tiene su origen en la sorprendente experiencia gallega de Camposancos”, *La Voz de Galicia*, 18 de febreiro de 1988, p. 72.

resultou insuficiente para atender un numero crecente de rapaces, polo que se decidiu o seu traslado a outro lugar máis adecuado. Betanzos, Pontearcas, Baiona e Tui foron as opcións que se consideraron, pero o lugar da Pasaxe, na parroquia de Camposancos, á beira do río Miño, resultou a localización elixida para dar continuidade á institución xesuíta, que se instalou nun edificio xa existente, adaptado convenientemente, propiedade de Domingo Español Cividanes.

A Pasaxe era, naquel momento, un considerable emporio comercial e industrial que albergaba almacéns de gran, de materiais de construción, serradoiros e estaleiros: “el barrio más activo y moderno del pueblo. Se había formado a partir de comienzos del siglo [XIX] al ritmo de la actividad mercantil, fomentada por algunas pequeñas industrias en la orilla del río. Desde siglos antiguos recibía su nombre por una barca que transportaba a gentes y mercancías de una u otra ribera” (ER, 70). Ofrecía, por tanto, condicións atractivas para emprender alí un proxecto que respondese ás necesidades que buscaban os xesuítas, malia romper coa súa tradición no que respecta ao lugar de establecemento, pois a diferenza de beneditinos, cluniacenses ou franciscanos, que adoito buscaban contornos rurais, máis afastados e tranquilos para os seus conventos, os xesuítas levaban optando ata o momento por espazos urbanos máis céntricos e accesibles. A Pasaxe era un sitio apartado que, pese a ser rexeitado por moitas familias polas deficientes comunicacións e mesmo por algúns xesuítas (que tomaban o destino de Camposancos como un desterro), presentaba como vantaxe “poder educar aceptablemente en el retiro y la lejanía de las ciudades. Los alumnos son visitados rarisísimamente por los suyos, lo cual no solo es un gran beneficio para los estudiantes sino para la marcha de sus estudios. Pues teniendo una edad entre 16 y 20 años, no podrían contenerse moralmente si fuesen visitados con frecuencia por familiares y amigos como ocurre en las ciudades” (ER, 105). Porén, os propios alumnos non participaron desta mesma percepción... “la tristeza, del alejamiento de mi casa, la separación de mis padres y de mis hermanos, y aquel vago temor, que sobre inspirar siempre lo desconocido, toma mayor magnitud en el alma de un niño, si lo desconocido es el Colegio; palabra que para un alma infantil sintetiza el temor de la disciplina, la coyunda cotidiana del estudio, y el alejamiento del cariño y la libertad familiares” (OM, 75).

Deste xeito lembraba o ex-alumno Cristóbal Valdés en 1922 o regreso ao colexio despois das vacacións estivais: “Cómo olvidar aquel largo viaje en pesada diligencia desde La Coruña o Santiago a Caminha. Aquí atravesábamos en pesada barca el río para dar con nuestros huesos molidos en el umbral del Colegio, donde éramos recibidos cariñosamente por los Padres que nos daban la bienvenida. Y nosotros nos despedíamos de la vida veraniega, descansada y sin cuidados” (OM, 229).

As familias aboaban 3300 reais “que se satisfarán en dos plazos y adelantados el primero, el día de la entrada, y el segundo, en los cinco primeros días de Febrero”. Segundo o artigo 17 do regulamento, o importe desta pensión cubría “todas las asignaturas de segunda enseñanza, incluso la clase de rudimentos, 2º el lavado,

planchado y repaso de toda la ropa blanca, 3º el uso de catre de hierro, jergón y demás utensilios de la alcoba, 4º el gasto ordinario de papel, plumas y tinta, 5º los honorarios de médico y cirujano en enfermedades ordinarias, 6º los gastos de enfermero y botica en las mismas”.⁹ Ademais, corría por conta das familias “libros que sirvieren de texto en el Colegio, matrículas y derechos de exámenes, el estudio del inglés, de la música y cualquier otro gasto que no esté incluido en el artículo que precede”.¹⁰

Pasado o tempo, o reitor Tomás Gómez decidiu implantar algunhas medidas de alivio nesa rixida disciplina e conceder tratamento de adultos aos bachareis no medio do seu encerro, como foi o permiso para fumar “un máximo de diez cigarrillos al día, habitación individual, facultad de realizar breves paseos fuera del Colegio y la posibilidad de disfrutar de un buen gimnasio” (Rivera Vázquez, 1993, 108), co fin de compensar o fastío das xornadas que formaban as interminables estadias no colexio, xa que non desfrutaban de vacacións no Nadal nin na Semana Santa.

Después de la merienda en los días de Navidad, íbamos indefectiblemente al teatro, y alternando con los días de función se celebraban las rifas. Todos los ahorros que habíamos hecho con los vales que nos entregaban semanalmente, (vales de una peseta, y de dos reales), y algunos duros que habíamos entregado al P. Prefecto al entrar en el Colegio, los empleábamos en estas famosas rifas. Casi asistíamos a ellas con tanto entusiasmo como a las funciones teatrales (OM, 101).

O funcionamento do colexio rexíase por un regulamento impreso na Coruña en 1873, que contiña 22 artigos normativos coa disciplina como eixe central e entendido “como camino indispensable para la marcha religiosa, académica y humana de todo el Colegio” baseada nunha organización xerárquica:

Los *inspectores*, con su vigilancia perenne, domando las indocilidades de nuestra voluntad, hasta alinearla, artículo por artículo, a las páginas sabias y saludablemente severas del Reglamento. Los profesores, inculcándonos la ciencia cuotidianamente, asignatura por asignatura, y estimulando el *instinto curioso*, el ansia innata del saber y el *porqué* de las cosas. El P. Prefecto, con el prestigio de su cargo, con el realce de su autoridad, y más que nada, con cierto alejamiento, que es el secreto de muchos respetos, sancionaba la conducta de los *inspectores* desde su puesto de apelación, refrendando el cumplimiento de la disciplina. El P. Espiritual, tejiendo con mano suave y acariciadora los hilos de nuestras conciencias, exhortándonos al bien, acercando al borde de nuestros labios la orza de miel... todos, absolutamente todos se empleaban en el cultivo de nuestros entendimientos y en la educación de nuestras voluntades. Y aquí recabo para la palabra *educación* todo su noble sentido, y alta significación etimológica, la progenie latina del verbo *educere*, que penetra hasta el tuétano del alma, y no esa acepción, que apenas la toca a flor de piel de la politeuse francesa (OM, 115-116).

⁹ *El prospecto-programa del Colegio de Anceis* (A Coruña: Imprenta de D. Domingo Page, 1873).

¹⁰ *El prospecto-programa del Colegio de Anceis* (A Coruña: Imprenta de D. Domingo Page, 1873); art. 18.

A xornada —presidida polo silencio “en todo tempo y lugar”— comezaba ás 5:30 horas da mañá e remataba ás 20:30 horas da tarde, distribuída entre o tempo de rezo ademais da misa diaria en latín, o tempo de clases e o tempo de estudo en catro quendas ao longo do día. O tempo para o xantar, no refectorio, facíase en silencio e baixo a lectura de textos variados que un alumno realizaba desde o púlpito:

Desde esa mesma tribuna nos leyeron la Historia del descubrimiento del Río Orinoco, la historia de los mártires del Japón, la Colonización del Paraguay, la Guerra de la Independencia, los inolvidables cuentos de D. Adolfo Clavarana, la Conquista de México, el Símbolo de la Fé, de Fray Luis de Granada, las conferencias del P. Félix en Nuestra Señora de París, discursos de Monsabré, y como asuntos de excepcional importancia recortes de periódicos sobre la catástrofe del Machichaco, y la guerra de Melilla. Por cierto, que en nuestra educación de colegiales, siempre procuraron aquellos buenos padres inculcarnos el más ferviente patriotismo, y en aquellos días, en que acompañados por la banda cantábamos todos himnos patrióticos, terminaba la lectura de los partes victoriosos de la guerra con un clamoroso, ¡Viva España!” (...) Desde esa misma tribuna nos leía el Chato los pintorescos programas de los días de campo, de las giras al Tamuge, la Barra y Santa Tecla, de las excursiones a Tuy y a la Caeira, del día del Santo del P. Rector, de la llegada del R. P. Provincial, de las fiestas de Navidad, y del inolvidable día de los Santos Inocentes (OM, 81).

Logo do xantar, “subíamos al patio en dos filas, en medio de las cuales iba el P. Inspector. Los jefes de filas solían llevar los brazos cruzados, algunos braceaban, y los más llevaban las manos en los bolsillos de la blusa. La entrada en el patio era con el ánimo alegre, sobre todo al promediar aquella inacabable galería de arcos de graníticos sillares. El reflejo del enjalbegado de los paramentos murales iluminaba el pavimento asfaltado del suelo, y sobre él se espejaban las ojivas de las puertas que conducían a las aulas” (OM, 87). O tempo de recreo, que tamén ocupaba unha parte do día, realizábase nos patios evitando os “corrillos” e podía combinarse con tres horas de paseo as tardes dos xoves e dos domingos, “con opción ocasional de baños en el río o en el mar”:

Mas allá, veíase el patio, el enorme patio de recreo, inundado por el sol, que rebrillaba en las finísimas escamas del cuarzo. El edil de juegos, adelantándose a los demás, estaba en mitad del patio con la red de balones. Ibamos los demás en filas, y era para nosotros, sometidos en aquellos momentos a la ley de la disciplina, un motivo de emulación, y aspiración a su cargo, verle jugar con tantos balones, cuando cada diez o doce de sus compañeros no podían jugar más que con uno solo. Al llegar las filas a su término, el P. Inspector daba una palmada o tocaba la campanilla. Nunca sentimos nosotros gran afición por las imágenes de volatería; pero debemos de confesar, que la palmada, el ruido hecho ante una bandada de pájaros, tienen en este caso perfecta aplicación. Las silenciosas filas se rompían instantáneamente, y todos los colegiales con estrépito, algazara y los aturdimientos del ansia, más que correr volaban hacia los balones esparcidos por el patio (OM, 87).

Respecto da hixiene persoal, “se les insiste en el aseo y limpieza de su cabeza, boca, ropa y manos; peluquero una vez por mes, muda de camisa dos veces a la semana y se lavan los pies cada quince días” (ER, 81). Os alumnos estaban custodiados “en todo lugar y a todas las horas del día, y como la educación fina y esmerada es, no menos que la instrucción, el objeto que se proponen conseguir los

Directores de este Colegio se procurará inculcar a los niños el mismo espíritu de franqueza y libertad morigerada que todo niño bien educado debe tener en el seno de su familia”.¹¹

O conxunto da propiedade adquirida a Domingo Español pola Compañía comprendía diversas instalacións comerciais, varios predios rústicos e soares. As obras de ampliación e acondicionamento daquela estrutura inicial comezaron en 1872 e remataron en 1880, xa como Colegio Apóstol Santiago. Financiáronse, en parte, co legado que destinara á Compañía a benfeitora salesa Justa López Martínez (ER, 90), do que se acabou beneficiando o colexio. Así nacía o centro cultural e educativo, o primeiro grande edificio escolar que erguían os xesuítas españois no século XIX, o máis grande dos levantados en Galicia e que chegou a ser unha das mellores instalacións da Compañía no territorio español: “Si la obra había nacido en Anceis, el bautismo lo recibió en Camposancos con el agua milenaria del Miño” (ER, 73).

Ao remate do curso 1876-1877 saíu a primeira promoción do colexio formada por 17 mozos con idades entre os 17 e os 21 anos, que acadaran o título de bacharel superando as materias de Física e Química; Fisioloxía e Hixiene; Historia Natural; Filosofía (Psicoloxía, Lóxica e Ética); Xeometría e Trigonometría, Aritmética e Álgebra, Retórica e Poética, Historia Universal, Historia de España, Latín e Castelán, xunto con “una fuerte dosis de formación religiosa para equilibrar la sicología vacilante”, que achegaban outras materias como Relixión e Moral e Doutrina Cristiá (ER, 100). Todas elas acorde co fin do colexio, que non era outro que o “cultivo del corazón y del entendimiento de cada alumno”, ao tempo que “la piedad, la docilidad y la aplicación las virtudes que conforman el corazón”.

Unha das súas actividades principais eran os exercicios espirituais, formulados como “una limpieza del alma, un sumergirse en la piscina absolutoria, para salir de ella con las fuerzas del espíritu restauradas y resplandecientes” (OM, 163), e que se realizaban aos 15 días de comezar o curso:

La plática preparatoria de la primera noche, era el llamamiento de una voz dulce, suave, persuasiva, que nos invitaba a la reconciliación con Dios. Seguían luego las meditaciones. En los ratos de recreo no jugábamos; se paseaba silenciosamente por el claustro y por los patios. Todos los quehaceres de aquellos días, la distribución del tiempo, el empleo que dábamos a las horas, estaban sabiamente dispuestos para el recogimiento, la reconcentración del espíritu y cultivo del alma, alejando de la imaginación cuanto fuese y nadería pudieran disipar la atención intensa a los problemas eternos que San Ignacio plantea (OM, 165).

Impartíanse, ademais, disciplinas non oficiais e non obrigatorias, denominadas “clases de adorno”, tales como música, con especialidades de piano, violín, solfexo, orquestra, canto e baile:

¹¹ El prospecto-programa del Colegio de Anceis (A Coruña: Imprenta de D. Domingo Page, 1873).

La Música, Divino Arte, que sabe despertar los sentimientos más dormidos y más hondos, trayéndolos a la superficie para traducirlos y expresarlos, el que en mi concepto establece el nexo que buscan los psicólogos experimentales entre lo físico y sensible y lo psíquico ó anímico, fué abundantemente atendida y cultivada, en nuestro Colegio. En casi todas sus épocas, desde Anceis hasta Vigo, hubo colectividades musicales, Bandas, Orfeones, Rondallas, cuya constitución dependía del número de alumnos músicos o que manejasen instrumentos apropiados para formarlas. En Anceis, ya existía una nutrida Banda de cuya agrupación va incluido en el album un fotograbado, y de la de La Guardia, que duró varias generaciones, desde el rectorado del P. Landa hasta el del P. Leza, se insertan también varias ilustraciones (OM, 241-243).

Ou debuxo, como lembra o doutor Rafael Álvarez Novoa, médico do colexio:

Mucho antes de que el plan de estudios oficial obligara a los alumnos a hacer clases de arte tan bello, existieron siempre en el Colegio clase no oficiales, en que los aficionados y con disposiciones para ello, manejaban el lápiz o los pinceles, bajo la inteligente dirección del pulcrísimo Padre Ojea, de cuyo talento artístico muchas generaciones de alumnos han sabido aprovecharse, recordando entre los de mi época a los hermanos Aller Ulloa, Ramón y Jesús, cuyos cuadros hechos durante el curso y expuestos a la terminación de él, llamaban la atención de inteligentes y profanos, tanto por los asuntos maravillosamente escogidos, como por la maestría de su ejecución (OM, 241).

“En los colegios —escribía o provincial en 1888—, los alumnos obtienen gran éxito en los exámenes públicos. Pero, aunque, según los programas oficiales están bien preparados, en Latín y en Filosofía cristiana salen del todo ineptos, sólo con los preceptos generales. Es un mal grave y antiguo en los Colegios españoles, al cual no encuentro fácil remedio como no fuese restaurar la *Ratio studiorum*” (ER,160). Os xesuítas botaban de menos o dominio didáctico que implantaran nos seus colexios con enteira liberdade, pero atrás quedaba ese tempo e trataron de adaptar o seu sistema ao control oficial que impuña o Instituto de Pontevedra seguindo o plan de estudos asinado mediante o Decreto de 25 de outubro de 1868 polo liberal Manuel Ruíz Zorrilla.¹² “En los estudios, el máximo impedimento consiste en que no nos es lícito mantener nuestra *Ratio studiorum*, sino que estamos obligados a obedecer las leyes públicas y hacer en cinco años (y además en confusa mezcolanza) lo que nuestras leyes preveían en ocho” (ER, 78). Desde 1874, o ensino privado en España estaba estruturado en *centros libres incorporados* a un instituto oficial e *centros libres no incorporados*. O colexio de Camposancos, con denominación “de Segunda enseñanza y Preparatorio para Carreras Especiales”, estaba incorporado ao instituto matriz pontevedrés e durante uns anos desprazábase a Camposancos un tribunal examinador para lles realizar aos colexiais as probas pertinentes. Así o narran os autores do libro:

Llegaron los exámenes de fin de curso; vinieron los profesores del Instituto de Pontevedra; (pues eran tiempos en los que salían Comisiones de los Claustros a examinar a los colegios

¹² O Decreto decía no seu artigo 8º: “Los alumnos procedentes de establecimientos particulares que deseen probar en los públicos las asignaturas estudiadas en aquellos, se examinarán en estos en la forma que prescriban las leyes, satisfaciendo los derechos de matrícula correspondientes”.

incorporados) aquellos señores que tanto nos preocupaban y aterraban, lo que nada tenía que ver para que fuesen unos perfectísimos caballeros y buenisimas personas, pero nosotros veíamos en ellos unos seres todo severidad y fiero rigor (OM, 141).

As familias recibían mensualmente as cualificacións semanais e, se fose o caso, “otras cartas (...) diciéndoles si la conducta y aplicación de su hijo era satisfactoria, o dejaba algo que desear” (OM, 121). A ese respecto, o alumnado tamén se sometía a un ritual cerimonioso:

Los domingos, en los tres cuartos de hora de estudio, que precedían a la comida, nos leía las notas semanales el P. Prefecto. Sin embargo, algunas veces lo hacía el P. Rector. Cuando entraba en el estudio nos poníamos de pie, siendo anunciadora de su entrada, la ola de ruído que avanzaba de los últimos a los primeros bancos. Subía al púlpito del P. Inspector. Algo sensacional ocurría. La lectura de las notas era rápida en las calificaciones buenas. Las aes por todo iban acompañadas de acento admirativamente aprobatorio; pero cuando la e se acompañaba de la i, o sonaban las ies solamente, eran de oír aquellos ritardandos, que equivalían a una represión severa (OM, 125).

Dous académicos de Historia, o xesuíta catalán Fidel Fita e Aureliano Guerra, pasaron por Camposancos en 1879 desde Madrid en dirección a Compostela aceptando o convite do arcebispo de Santiago Miguel Payá para visitar a cidade con fins científicos e esta é a impresión que deixaron plasmada nun informe publicado en 1880:

Colegio de segunda enseñanza y preparatorio para carreras especiales y facultad de Derecho y Letras, recién establecido en el Pasaje de Camposancos bajo los auspicios del gran Patriarca de las Españas. Las ciencias exactas, físicas y naturales, en toda su extensión, las ciencias morales y políticas, las lenguas muertas y vivas, las artes del dibujo y de la música, y las de la elocuencia y poesía otro tanto se cultiva en esta soledad amena, rodeada de salúíferos y apretados pinares, á la margen del caudaloso río, á vista del mar, cuyas emanaciones mezclándose á las de la montaña, impregnan el aire de sustancias las más á propósito para robustecer el cuerpo y dilatar el espíritu. Profesores consumados en cada uno de aquellos ramos del saber sin distraerse á otra ocupación que no sea la de guiar é instruir y dar buen ejemplo á la juventud, libres de ambiciones y cuidados, y haciendo de los alumnos aquí reunidos, su propia y amada familia, logran que no se pierda el tiempo, que el estudio sea fructífero á maravilla, y que estos jóvenes de familias ilustres, venidos de toda España, crezcan en sabiduría y en virtud á los ojos de Dios y de los hombres.¹³

O P. Tomás Gómez Carral fora destinado a Galicia pola Compañía para organizar un colexio de ensino medio en Anceis cun dobre obxectivo: “educar cristianamente a los alumnos y prepararlos por medio de una instrucción sólida para todas las carreras a que disponen los establecimientos del Gobierno”, cuxo labor continuou en Camposancos. Pero as dimensións espaciais da nova localización fixo mudar a súa perspectiva e ampliala cara a proxectos máis cobizosos. E así, xunto ao colexio van xurdir pouco despois un centro universitario e un seminario de pobres.

¹³ Fidel Fita e Aureliano Fernández-Guerra, Recuerdos de un viaje a Santiago de Galicia / por Fidel Fita y Aureliano Fernández-Guerra (Madrid: Imprenta de los Sres. Lezcano y Comp^a, 1880).

As súas traxectorias son paralelas. Coincidiron na Pasaxe case os mesmos anos, “encontraron similares obstáculos y fueron gobernados por la misma filosofía educativa. Pero si la Universidad estaba orientada a los poderosos, el seminario lo estaba hacia los humildes” (ER, 119). Ambos convertéronse, co tempo, nas universidades de Deusto e na de Comillas respectivamente.

Escola politécnica e facultades de Dereito e Filosofía e Letras

Tomás Gómez ideou unha institución de ensino superior, aberta a sectores “economicamente altos e ideológicamente opostos al liberalismo, a gentes que buscaban seguridad moral y doctrinal”, capaz de proporcionar alí unha alternativa católica ao seu alumnado bacharel e evitar o transvasamento cara a outras universidades españolas onde tiña cada vez maior presenza o movemento krausista “con peligro de malograr el fruto de la educación religiosa que recibieron mientras cursaban la segunda enseñanza” (ER, 102). Nos seus inicios créase a escola politécnica como centro de estudos científicos preparatorios para carreiras como Arquitectura ou Ciencias, onde tamén se impartían ensinanzas especiais con continuidade en academias militares como Marina, Artillería, Enxeñaría ou Estado Maior, e as facultades de Dereito e de Filosofía e Letras. Como afirmou o historiador José A. Durán, “tales estudios superiores se convirtieron, por tanto, en verdadera universidad católica: la primera —téngase esto en cuenta— de los jesuitas y, en realidad, la única de que disponía la Iglesia Católica en la España de entonces”.¹⁴

Para inscribirse en Camposancos era necesario acreditar formación académica anterior na Compañía e aboar 5.000 reais anuais pola pensión e estudos. O equipo de vestiario e enxoval respondía ao status socioeconómico dos aspirantes, composto por traxe ordinario, traxe de gala e xogo de cubertos de prata. Como salienta Evaristo Rivera, “era el segundo Centro universitario privado que hubo en España. Su nacimiento coincidió practicamente con el de la Institución Libre de Enseñanza de Giner de los Ríos”.¹⁵

Por diversas circunstancias, esta parte do colexio acabou trasladándose a Bilbao en 1885, co fin de establecela “en un sitio más céntrico y donde más esplendor pueda dar a los estudios de la Compañía”. Inaugurouse en 1886 cun cento de alumnos, varios deles procedentes de Camposancos, o que deu lugar á Universidade de Deusto que hoxe coñecemos. Con todo, esta nova institución seguiu a manter lazos co colexio, pois os seus estudantes universitarios “pasaban el verano en el Colegio de La Guardia dedicándose a los deportes del juego de pelota, a regatas a remo y a vela por el Míño, y como motivos de arte, a representaciones teatrales” (OM, 95).

¹⁴ José A. Durán, “La Universidad de Deusto tiene su origen en la sorprendente experiencia gallega de Camposancos”, *La Voz de Galicia*, 18 de febreiro de 1988, pp. 72-66.

¹⁵ Evaristo Rivera Vázquez, Memoria de 125 años. Colegio Apóstol Santiago. Jesuítas-Vigo (Vigo: Artes gráficas Vicus, 1998), p. 21.

Seminario de San José

Alén da de Deusto, tamén naceu en Camposancos a Universidade de Comillas, a partir dun seminario clerical de pobres, que se inaugurou en 1879 con alumnos provenientes de familias moi humildes de diversos lugares do Estado, aptos para o sacerdocio “bien seleccionados, cogiéndolos desde niños y teniéndolos toda la carrera sin género alguno de vacaciones en sus casas y apartándolos de toda comunicación con los externos y de la que se pudiese con sus familias”. Habitaban un edificio adxacente e algo apartado do complexo principal, noutrora almacén e celeiro de Domingo Español. “Viviendo en un ambiente del más puro espiritualismo, aislados casi de todo el mundo, sin trato más que con muy contadas personas, sin ir siquiera a nuestras casas en ninguna época del año, ¿qué extraño que fuésemos buenos si no podíamos ser malos? (OM, 195).

Alí recibían ensinanzas específicas de latín, grego, retórica, xeografía, historia e filosofía. Como explica o seminarista Claudio Rodríguez, máis tarde cóngo en Compostela: “la enseñanza que en él se daba era tan extensa y bastante más intensa que la que se adquiere en la mayor parte de los establecimientos similares de cultura y formación eclesiástica. Aquellos jóvenes estudiaron a fondo las Humanidades, la Retórica y la Filosofía escolástica, con las asignaturas que son complementarias de dichas facultades. En el conocimiento de las lenguas clásicas hicieron tales progresos, que componían con bastante elegancia en latín y griego, y, en las aulas y fuera de ellas hablaban con relativa facilidad el primero de dichos idiomas” (OM, 191). Para o estudo das matemáticas e da física e química concorrián ás cátedras dos alumnos aspirantes a bachareis:

La cooperación de los seminaristas a las funciones religiosas, y a las de Teatro, era muy estimada, por las excelentes aptitudes para el canto y para la escena de que se hallaban revestidos muchos de ellos. Aparte de estas fiestas, teníamos otras peculiares nuestras, unas de solaz y esparcimiento, comidas y meriendas de campo, paseos y excursiones por el río, etc., otras de índole religiosa, y no pocas de carácter literario. A todos estos actos solía asistir el P. Rector acompañado de nuestros profesores (OM, 195).

Coa formación intelectual corrían parellas a moral e a relixiosa. Á solidez da primeira engadíase a austeridade da segunda.

Una disciplina firme y severa, aunque sin castigos corporales de ninguna clase, regulaba nuestra vida y dirigía nuestros actos. Poco a poco fuimos acostumbrándonos a ella hasta el punto de no sentir sus rigores. La persuasión produjo la convicción, y de ambas se siguió como consecuencia natural la conciencia del deber. Bien podía el P. Ochoa alejarse y dejarnos solos, en la seguridad de que éramos los mismos en su ausencia que ante su vista. Tanto era el orden, tal la observancia y tan intenso el ascetismo que entre los seminaristas dominaba, que a mi parecer, no había apenas diferencia entre nuestra Comunidad y el Noviciado de una Orden religiosa (OM, 193).

Esta modesta institución caritativa, cuxo reitor Domingo Landa describe como “pobrísimamente verdaderamente, pues en él no hay más que un miserable dormitorio,

un comedor y un salón de estudio también muy pobre, de modo que los días lluviosos (que aquí son muchísimos) da compasión ver a los seminaristas metidos en casa sin tener donde jugar ni recrearse” (ER, 124), sostíñase coa pensión de 3.000 reais anuais que achegaba a condessa de Juventos, ademais “de las cosas que sobran del Colegio y las limosnas que ofrecen con gusto los padres de los colegiales”. Así o lembraba o ex-alumno Claudio Rodríguez: “Mínimo era, en efecto, el Seminario de San José de La Guardia, por múltiples conceptos: por la edad en que eran admitidos sus alumnos, que en nadie rebasaba de la niñez; por su condición social, pues todos ellos pertenecían a familias humildes; por su número, que en la época en que mayor fue, apenas excedió de cuarenta, y por la pobreza, más aún que por la estrechez del edificio en que se hallaba instalado, con separación del Colegio principal” (OM, 191).

O Seminario San José durou alí ata o ano 1888 con 49 alumnos, mais tivo un posterior traslado a Comillas onde a compañía fundou en 1890 o Seminario de San Antonio de Padua, inaugurado en 1892. Algúns anos despois, en 1904, pasou a converterse na Universidad Pontificia que en 1978 trasladou as súas instalacións a Madrid. Algo máis de sete anos durou este seminario en Camposancos. Os poucos alumnos con que daquela contaba foron rematar, na súa meirande parte, os estudos eclesiásticos nos seus respectivos seminarios diocesanos. Pocos anos máis tarde abríase o Seminario de Comillas:

del cual el nuestro había sido cuna y origen, como el Colegio de bachilleres de la Guardia lo fué de la Universidad de Deusto. El árbol plantado con cariño por el P. Gómez, cuidado con tierna solicitud por el P. Landa, dió sus frutos. El Seminario de San José produjo sacerdotes útiles a la Iglesia y a la Sociedad. Bastantes de sus alumnos ingresaron en la Compañía de Jesús, en la que desempeñaron cargos importantes. Algunos de los que viven trabajan en las misiones del Extremo Oriente, otros en las de América. También otras Ordenes Religiosas cuentan entre sus hijos a algún seminarista de La Guardia. Entre el clero secular tiene y ha tenido representantes nuestro antiguo Seminario en varias Catedrales, en el profesorado eclesiástico y en el ministerio parroquial. Todos ellos, cualquiera que sea su destino, cualquiera que sea su valer o mérito, deben el fundamento de su instrucción, el cimiento de su vocación, al Seminario de S. José (OM, 197).

Do esplendor decimonónico ao actual abandono, xa irreparable

Ata finais do século XIX, entre 1881 e 1899, o colexio Apóstol Santiago rexistra a etapa máis brillante. O complexo académico adaptárase a partir das edificacións existentes que datan de 1840. Foi necesario realizar obras que duraron anos, dirixidas polo “condiscípulo, el distinguido arquitecto, D. José Franco Montes. (...) Su aspecto monótono, que recordaba el pasado almacén, no estaba en armonía con el resto de la construcción. Hoy es digno comienzo de ella, y su traza señorial y abadenga, gala de la frontera española”. Con esas obras dotouse de amplas aulas, “los bancos corridos de la clase estaban colocados paralelamente a los muros delante de las cristaleras que los rodeaban, dejando en el centro un buen espacio. La mesa del profesor, sobre

el suelo, al nivel de los bancos, y enfrente de ella una tarima al pie de un gran encerado” (p. 135), corredores, laboratorios e zonas de estudo:

Largos bancos de estudio, que tenían por asiento una tabla, y por mesa un pupitre levemente inclinado, estaban contruídos, más que para el reposo del cuerpo, para la comunicación directa del cerebro con los libros. Eran aquellos bancos del mismo tipo castizo de los de las aulas universitarias, en donde también es axiomática cierta dureza en esto de los asientos, para que el espíritu, libre de toda comodidad, vuele con más leves alas por el espacio azul de las ideas. ¡Así las Matemáticas son más exactas, y la Filosofía más profunda, y el Derecho más equitativo, y la Ciencia Médica más sabiamente curadora! (OM, 151).

O gabinete de Física e Historia Natural chamaba pola curiosidade dos cativos, e os aparellos de óptica, dinámica e electricidade expostos nas vitrinas rodeando os muros; as coleccións de aves disecadas; os insectos cravados polo alfinete do entomólogo, “la aparición de alguna fiera, que nos miraba a través del cristal y a ras del suelo; las múltiples muestras de minerales, y el saloncito contiguo abarrotado de retortas, almireces y reactivos, para experiencias químicas, nos causaban el efecto de grandes interrogaciones, que decían en lenguaje mudo: estúdiami e sabrás lo que soy” (OM, 133). Había, así mesmo, un salón de actos onde se celebraban os concertos musicais, os actos académicos, as sesións de teatro ou de cinema nos últimos anos; locais para a banda, o coro e a orquestra, e a sala de xogos. Completaban as instalacións extensos campos de deporte e un frontón cuberto de pelota vasca,¹⁶ “el más grande y más bello pabellón de deportes que se hizo por entonces en Galicia”. En opinión de José A. Durán:

Manteniendo, como es lógico, todo el peso diferenciador de una enseñanza estricta en materia religiosa, con la consiguiente fiscalización de rezos, devociones y costumbres, con las dudas que es dado suponer en el campo de las más avanzadas teorías, en Camposancos se estaban ensayando iniciativas insólitas en el ambiente de la pedagogía jesuita, no demasiado alejadas de las simultáneas de la Institución Libre de la Enseñanza [sic]. (...) Los paseos y las excursiones, que pasan por distintivas de la Institución Libre de la Enseñanza, eran norma allí (la de 1887, masiva, al monte del Bom Jesus, de Braga, alcanzará esa naturaleza), ofertando desde las mismas instituciones un ambiente sano de casa de campo, son marca de la misma fábrica.¹⁷

A residencia para os estudantes completouse cunha enfermaría. Así a describen os autores: “la colección de láminas de Historia Natural era uno de nuestros encantos infantiles. Pero sobre toda la fauna y flora pintadas, lo que nos causaba mayor admiración, era la cacatúa. Aquel pájaro era popular entre los que pasábamos por la Enfermería” (OM, 157).

¹⁶ En 1863, os xesuítas dividiron en dúas partes (Castela e Aragón) a única provincia que tiñan en España. Tanto o País Vasco como Galicia pertencían á provincia de Castela, por esa razón, houbo no colexio de Camposancos desde os comezos unha nutrida representación de xesuítas vascos, ademais de tres dos seus cinco reitores: Aureliano Urrutia (1899-1905), Florencio Legarreta (1911-1913) e Pedro Ongay (1913-1916).

¹⁷ José A. Durán, “Deporte y vida campestre jugaron un importante papel en la nueva pedagogía de los jesuitas, ensayada en Camposancos”, *La Voz de Galicia*, 18 de abril de 1988, pp. 72, 65.

Las altas ventanas ojivales lo inundaban de luz; las mesas largas y estrechas, dignas de recibir revistas en una biblioteca, lucían el animado color del cerezo barnizado; las jaulas de canarios tenían una colocación simétrica; los tiestos de helechos se humillaban en hilera bordeando el suelo, y las palmeras se envanecían sobre columnas de líneas de pirámide. En los ángulos acogíanse plantas trepadoras, que abrumaban las empalizadas de caña, y en el frente del salón, un mapa de Fontán, nos mostraba el solar gallego, en su más amplia plenitud, teniendo a su derecha la bandera del Colegio, cuya blancura esparcía en el ambiente la regocijadora alegría de los días de fiesta (OM, 159).

Había tamén un xardín botánico e un observatorio astronómico desde o curso 1879-1880, un dos pioneiros de Galicia, que enviaba a Madrid os índices climáticos diarios “donde son publicados con los de otros observatorios existentes en la Península” e experimentou un pulo importante coa presenza de Baltasar Merino (ER, 174). O complexo académico albergaba outras instalacións anexas que prestaban diferentes servizos, como a carpintería e a ferraría, a panadaría, a lavandaría; cortes e cortellos de gando diverso xunto a unha extensa horta. Tamén era un centro de auxilio ás persoas humildes do contorno: “En esta región en la que muchísimas familias viven ahogadas económicamente, no hay ningún necesitado, fuese o no de la parroquia, que venga a nuestro vestíbulo que no reciba enseguida una ayuda” consistente en comida, roupa e calzado: “Así ocurrió el año 1884 o en 1895. Hubo entre ellos [refírese á poboación mariñeira] mucha hambre, que los colegiales trataban de aliviar llevándoles durante muchos días pan, comida y aceite, adquirida con el dinero de sus bolsillos” (ER, 167). Ademais, o Colexio deu inicio en 1893 ao acubillo de colonias estivais, como a que organizou ese ano a Sociedad Económica de Amigos del País, de Compostela, na que participaron seis escolas públicas da cidade con 30 alumnos, procedentes de familias obreiras, como recolle o texto con fotografías de 1894, *La primera colonia escolar Compostelana. Vacaciones de 1893*, con posterior tratamento en edición facsimilar a cargo de Antón Costa en 1994.¹⁸

No seu conxunto, estes trazos xerais testemuñan un esplendor que durou varias décadas, favorecido pola estabilidade política que ofrecía a Restauración borbónica, etapa iniciada de xeito parello ao colexio de Camposancos. Pero malia o seu éxito durante ese tempo, sempre pendeu a decisión de levalo a outro lugar máis accesible. Finalmente, o colexio trasladouse a Vigo en 1916 e as súas instalacións foron ocupadas polos xesuítas portugueses do colexio de Campolide de Lisboa ata o ano 1932, forzados a saíren de Portugal despois da Revolución do 5 de outubro de 1910.

Instituto Nun’ Alvres

En 1916 prodúcese o traslado a Vigo, ao edificio da antiga fábrica de fariñas “La Molinera”, en García Barbón, e Camposancos queda a disposición dos relixiosos portugueses ata 1932. As orixes do Instituto Nun’ Alvres arrancan do Colégio de Maria

¹⁸ Antón Costa Rico, *A Colonia Escolar Compostelana de 1893. Primeiro centenario* (Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 1994).

Santíssima Imaculada de Campolide, preto de Lisboa. Ao se implantar a I República portuguesa, tras a conseguinte expulsión dos xesuítas, pasaron a aloxarse nun pazo en Dielighem, nos arredores de Bruxelas entre 1912 e 1914. Segundo unha crónica da época, alí recibiu o nome de Instituto Nun' Alvres na honra do heroe nacional e un dos promotores do reforzo da independencia portuguesa fronte a Castela contra a fin do século XIV. No inicio da I Guerra Mundial deixan Dielighem e ocupan o edificio do Gran Hotel de Los Placeres, en Pontevedra, e dous anos despois, en 1916, recalán en Camposancos, onde permaneceron ata 1932 aproveitando que os españois alugaban aquelas instalacións en condicións vantaxosas por se trasladar a Vigo. O Instituto Nun' Alvres iniciaba o curso o día 11 de outubro con medio cento de alumnos, ao que seguirían 16 anos de intenso cultivo das ciencias e das letras, recuperando pacientemente bibliotecas, laboratorios e aulas, para garantir infraestruturas pedagóxicas, “que não temían medirse com o que de melhor havia então em estabelecimentos similares de ensino em Portugal”. A nova localización fronteiriza, máis próxima ás orixes, favoreceu que o número de alumnos portugueses aumentase constantemente. En 1921 xa eran preto de 160 e no ano lectivo de 1927 a matrícula chegaba ao máximo de capacidade do internado, en número de 264 alumnos. Coa implantación da II República en abril de 1931, o panorama político que se foi definindo en España alteraba de novo os intereses xesuítas. O Decreto do 23 de xaneiro de 1932, polo que o Goberno republicano disolvía a Compañía, incautaba os seus bens e obrigaba á dispersión, tamén afectou aos portugueses. Ese ano xa podían volver ao seu país, e a clausura das actividades académicas determinou que relixiosos e alumnos partisen con certa preña o día 6 de febreiro. O colexio portugués, itinerante por terras estranxeiras, vai conseguir o seu asentamento definitivo en Caldas da Saúde (Santo Tirso) onde atoparon un edificio suficientemente grande e adecuado para instalar un internado para máis de 250 alumnos, que deu continuidade ao de Camposancos. Mentres, o complexo camposino quedou abandonado e padeceu múltiples saqueos ao igual que o colexio vigués de Bella Vista tamén se trasladou a Portugal para se establecer en etapas sucesivas entre o Hotel da Torre (Entre-os-Ríos), o hotel balneario Palace (Curia) e a Casa da Rocha (Caminha) durante tres cursos, para regresar a Mondariz en 1936 e ocupar o Gran Hotel.

Pero volvendo ao Colexio Santiago Apóstol, un dos catro centros de elite que os xesuítas rexentaban en España no século XIX, deu formación a varias xeracións de mozos galegos e doutras partes do Estado, fillos de familias acomodadas, pertencentes á alta burguesía conservadora española. Segundo o catálogo de 1882-83 había colexiais e universitarios de Galicia, País Vasco, Madrid, Cantabria, Andalucía, Estremadura, Oviedo, Logroño, Toledo, León, Valladolid e Salamanca con apelidos de requinte como Tous de Monsalve y Ceballos; Rasterra; Sanjurjo y Neira; Alvargonzález y Pérez de Sala; Gómez de la Torre-Botín; Morales López Higuera; Thovar Sánchez Arjona; Cárvajal Hurtado de Mendoza; Álvarez de Toledo Samaniego; Salaverría Pellizary; Hurtado de Mendoza Togún; Mazarrasa Quintanilla; Pita da Veiga Morgado; Cuesta y Austria; Díaz de Quijano; ou

destacados membros da aristocracia como o conde de Orgaz, o marqués de Yanduri, o marqués de Alós, o marqués De la Romana ou o conde de Gondomar, que buscaban seguridade moral e doutrinal para os seus fillos, como contraste á influencia que comezaba a exercer a Institución Libre de Ensinanza onde estaba a educarse a clase dirixente liberal. Como sinalou José A. Durán, “casi al mismo tiempo, significativamente, están surgiendo con presencia gallega muy digna de notar los focos de poder donde han de formarse las minorías dominantes de cada una de las dos Españas”.¹⁹ Había, ademais, oriúdos de Hispanoamérica e Filipinas, e en ocasións tamén dos pobos próximos de Portugal. En 1881, alén de todo o persoal de servizo, habitaban aquel edificio preto das 240 persoas. No curso 1881-1882 incorpórase Baltasar Merino ao claustro universitario para explicar linguas clásicas e inglés e dirixir a academia de cuestións relixiosas.

Baltasar Merino: reputado botánico e pteridólogo

Entre a cantidade e profesores que pasaron polo colexio nas diferentes etapas destaca Baltasar Merino Román. Natural de Lerma (Burgos), ingresou na Compañía en 1860. Realizou estudos en Loyola, León, A Habana e Baltimore. Exerceu como profesor nos colexios de San Juan (Porto Rico), Sevilla, Santiago de Compostela e Camposancos, a onde chegou en 1886 e permaneceu durante 36 anos. Alí aprendeu inglés aos alumnos universitarios; foi xefe de estudos e profesor de Literatura Grega e Latina, Física e Química, Historia Natural e Agricultura:

Nuestras miradas pasaban alternativamente del encerado al P. Merino, y viceversa, redoblando la atención. Pronto le oíamos repetir su prodigada exclamación de ¡ajo! ¡ajito aquí! Conducido por él el alumno en la exposición del problema y en sus prenotandos, llegábase al punto capital, a la cumbre de la demostración, y era allí en la propia cima, donde un paso torpe del discurso pudiera despeñar el razonamiento por los derrumbaderos de lo absurdo, cuando su saber arrojaba al encerado claridades, y la verdad científica surgía con la luminosidad blanca de los primeros principios (OM, 135).

Deu vida ao observatorio meteorolóxico, cuxos datos eran enviados regularmente ao oficial de Madrid. Os estudos botánicos centraron a súa atención desde os inicios, de modo que deixaron un inmenso legado entre publicacións e coleccións que se conservan en diferentes institucións. Foi fundador e presidente da Real Sociedade Española de Historia Natural, sección de Santiago, en 1909; presidente da Sociedad Aragonesa de Ciencias Naturales en 1914 e da Academia Internacional de Xeografía Botánica en 1915. Así o lembraban os autores:

Encanecido antes de envejecer, de cuerpo enjuto y algo encorvado, andaba siempre de prisa, y con la mirada abstraída del que lleva la mente en plena actividad, y vive más para su idea que para el mundo que le rodea. Su preocupación eran las plantas, la herborización de la Flora de Galicia. Desde el salón de estudio le veíamos cotidianamente en el jardín botánico, inclinado

¹⁹ José A. Durán, “La Universidad de Deusto tiene su origen en la sorprendente experiencia gallega de Camposancos”, *La Voz de Galicia*, 18 de febreiro de 1988, p. 66.

sobre la tierra cuidando las plantas, plantándolas y arrancándolas cuidadosamente con un sachito de jardinero, y trayéndolas y llevándolas a su cuarto dentro de un tubo de latón (OM, 131).

Entre os seus traballos destacan *Observaciones meteorológicas hechas durante la década de 1880 a 1890 en el Observatorio del Colegio de La Guardia* (1892); *Un estudio sobre las borrascas en la costa occidental de Galicia* (1893); *Algunas plantas raras que crecen espontáneamente en las cercanías de La Guardia* (Pontevedra) (1895); *Contribución a la flora de Galicia. La vegetación espontánea y la temperatura de la cuenca del Miño* (1897); *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia*, 3 vol. (1905-1909); e *Adiciones a la flora de Galicia* (1917). O padre Merino foi unha das figuras máis importantes das que por alí pasaron nos seus longos anos de existencia.

Entre os centos de colexiais que estudaron en Camposancos, con notoriedade posterior en diferentes esferas da sociedade galega e española parece oportuno salientar os seguintes:

- **Luis Arana Goiri** (1862-1951). Naceu no berce dunha familia da alta burguesía biscaíña. As ideas carlistas do seu pai levaron á familia ao exilio francés en 1873 para acabar instalándose na Baiona francesa. De regreso, Luis Arana foi enviado a Camposancos en 1880 onde realizou o curso preparatorio da carreira de Arquitectura. Parece que alí os profesores xesuítas vascos próximos ao nacionalismo influíron nas ideas do mozo estudante que, máis adiante, xunto co seu irmán Sabino fundarían o Partido Nacionalista Vasco en 1895.²⁰
- **Manuel Portela Valladares** (1867-1952). Avogado e político liberal próximo a Eugenio Montero Ríos. Estivo en Camposancos o ano 1881 e seguintes estudando a carreira de Dereito e, como indica J. A. Durán, alí “se fraguó su fuerza de voluntad, verdadero motor ideológico de este temprano y fervoroso lector de Nietzsche”.²¹ Ocupou o cargo de ministro da Gobernación no goberno de Alejandro Lerroux en 1935, de presidente do Goberno con Alcalá Zamora ata febreiro de 1936 e parlamentario nas Cortes de Valencia con Juan Negrín en 1937. En 1924 fundou en Vigo o diario *El Pueblo Gallego*, xornal de orientación liberal en cuxas páxinas asinaron traballos os intelectuais republicanos e galeguistas do momento. Logo da guerra, viviu o exilio en diversos lugares, ata a súa morte, en Bandol (Marsella), en 1952.

²⁰ Santiago Romero, “O insospitado xerme galego do nacionalismo vasco”, *Luzes*, 87, 2020, pp. 34-39.

²¹ José. A. Durán, “¿Quién fue en realidad Manuel Portela Valladares? Entre el exilio, el cautiverio y la muerte (Algunas claves necesarias)”, en *Manuel Portela Valladares. Memorias dentro del drama español* (Madrid: Alianza editorial, 1988), p. 16.

- **José María Montenegro Soto** (1868-1934). Avogado e político galego. Estudou en Camposancos onde acadou o grao de bacharel en 1884. Foi presidente da Deputación de Lugo durante a ditadura de Primo de Rivera. Nas eleccións xerais de 1933 foi elixido deputado por Lugo no partido monárquico Renovación Española. Ese ano incorporouse á Academia Galega como membro correspondente xunto a Alejandro Rodríguez Cadarso e Castelao. Tamén pertenceu á Real Academia da Historia.
- **Ramón Aller Ulloa** (1878-1966). Relixioso, matemático e astrónomo natural de Lalín. Estivo en Camposancos entre 1889 e 1894, cando ingresou no Seminario de Lugo. Máis tarde seguiu estudos en Ciencias Exactas que rematou como catedrático na Universidade de Santiago. As súas investigacións sobre astronomía e o desenvolvemento de instrumentos con aplicación noutros centros como o Observatorio de París fan de Ramón Aller “el mejor astrónomo que tuvo esta tierra”, a xuízo de Evaristo Rivera.
- **Antón Losada Diéguez** (1884-1929). Intelectual e escritor galeguista. Cursou en Camposancos o bacharelato entre 1894 e 1899. En Deusto graduouse en Letras en 1906, posteriormente en Filosofía en Salamanca e en Dereito en Santiago, ata chegar a catedrático de instituto en Toledo e Ourense. Participou na formación das Irmandades de Fala (1916) e no Grupo Nós. Con Vicente Risco fundou a revista *Nós* (1920) e ingresou no Seminario de Estudos Galegos (1924).²² Nos festexos do 50º aniversario, Antón Losada Diéguez “disertó en gallego haciendo una amena semblanza de la vida estudiantil, y comparándola con la vida que las diversas carreras y profesiones obligan a llevar cuando uno termina sus estudios” (151).
- **Xavier Ozores Pedrosa** (1878-1961). Fillo de Javier Ozores Losada, conde de Priegue e un dos autores do libro homenaxe, estudou en Camposancos entre 1889 e 1895. Colaborou en *El Progreso* e foi redactor de *El Eco de Galicia*. Membro do Padroado Católico e identificado co maurismo, foi elixido concelleiro pola Liga Católica en maio de 1909 e nomeado alcalde da Coruña ese ano e entre 1913 e 1915, e gobernador civil da provincia de Huelva en 1919.²³
- **Manuel Linares Rivas** (1866-1938), político e dramaturgo, estivo interno en Camposancos en 1874. Máis tarde cursou Dereito en Compostela. Foi deputado electo polo distrito de Ordes, e máis adiante ministro de Fomento e senador vitalicio desde 1920 co Partido Conservador de Eduardo

²² <https://academia.gal/letras-galegas/1985/anton-losada-dieguez>

²³ https://gl.wikipedia.org/wiki/Javier_Ozores_Pedrosa

Dato. O 15 de maio de 1921 ocupaba a cadeira *Q* da RAE co discurso titulado *Manuel Curros Enríquez*, lembrando o insigne poeta galego.²⁴

- **José Barreras Massó** (1867-1950). De orixe catalá, proviña dunha familia que a comezos do século XIX se dedicaba á salgadura da sardiña na Pobra do Caramiñal. Máis tarde, xa establecidos en Vigo, expandíronse aos efectos navais e á construción de embarcacións. José e o seu irmán Federico Barreras iniciaron no Areal vigués uns talleres para a construción de pequenos pesqueiros a vapor con maquinaria importada de Inglaterra que sería o inicio de J. Barreras, o estaleiro pioneiro da industria naval da ría de Vigo.²⁵ Barreras estudou en Camposancos en 1877 e formou parte como vogal da directiva constituínte da asociación de antigos alumnos, fundada en 1920.
- **Manoel de Oliveira** (1908-2015). Este reputado cineasta portugués proviña dunha familia acomodada da burguesía industrial do Porto dedicada á produción téxtil entre outras actividades. Estudou cos xesuítas portugueses no Colexio Nun'Alvres xunto ao seu irmán entre 1919 e 1923. No filme *Viagem ao principio do mundo* (1997), un dos seus últimos traballos, rememora de xeito autobiográfico esa etapa da súa vida, encarnada polo actor Marcello Mastroianni.²⁶

Ao inicio da guerra en 1936, o edificio foi utilizado como campo de concentración, un dos once espazos de reclusión que se instalaban en Galicia. En Camposancos chegou a concentrarse a máis de 4.000 presos republicanos en momentos concretos, o que requiriu a instalación permanente do Tribunal Militar n.º 1 de Asturias, responsable das execucións que se consumaron nas inmediacións do cemiterio da Guarda. En 1943, rematada a guerra, o edificio volveu a mans da Compañía e restableceuse a actividade, xa moi minguada ata 1960, con alumnado proveniente dos colexios de Vigo e Mondariz, funcionando tamén como seminario menor. Durante os últimos anos da década dos sesenta tamén serviu para cursos a alumnos maristas de Tui, ademais de colonias e campamentos estivais. O Colexio Santiago Apóstol foi, segundo o historiador da Compañía Manuel Revuelta, citado por J. A Durán, “el más original de todos los colegios de jesuitas de este tiempo”.²⁷ Pero segundo informa Hispania Nostra, asociación sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública que traballa desde 1976 na defensa, promoción e valorización do patrimonio cultural e natural, o colexio dos xesuítas carece incomprensiblemente

²⁴ <https://www.rae.es/academico/manuel-linares-rivas>

²⁵ Xoán Carmona Badía, “José Barreras Massó, 1867-1950: o enxeñeiro empresario”, en *Empresarios de Galicia*, coord. Xoán Carmona Badía (A Coruña: Fundación Caixa Galicia. Centro de Investigación económica y financiera CIEF, 2006), pp. 258-81.

²⁶ https://es.wikipedia.org/wiki/Manoel_de_Oliveira

²⁷ “La Universidad de Deusto tiene su origen en la sorprendente experiencia gallega de Camposancos”, *La Voz de Galicia*, 18 de febreiro de 1988, p. 72.

de protección, pois non ten un plan de conservación e está “condenado al total abandono, ya se verifican caídas de vigas primeras, humedades y capilaridades”,²⁸ nun estado de ruína irreversible.

Referencias

- El prospecto-programa del Colegio de Anceis*. A Coruña, Imprenta de D. Domingo Page, 1873.
- Carmona Badía, Xoán, “José Barreras Massó, 1867-1950: o enxeñeiro empresario”, en *Empresarios de Galicia*, Xoán Carmona Badía (coord.) (A Coruña: Fundación Caixa Galicia. Centro de Investigación Económica y Financiera (CIEF), 2006): 258-281.
- Costa Rico, Antón, *A Colonia Escolar Compostelana de 1893. Primeiro centenario* (Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago, 1994).
- Durán, José A., “¿Quién fue en realidad Manuel Portela Valladares? Entre el exilio, el cautiverio y la muerte (Algunas claves necesarias)”, en *M. Portela Valladares. Memorias dentro del drama español*, (Madrid: Alianza Editorial, 1988): 9-47.
- Durán, José A., “La Universidad de Deusto tiene su origen en la sorprendente experiencia gallega de Camposancos”, *La Voz de Galicia*, 18 de febreiro de 1988, pp. 72, 66.
- Durán, José A., “Deporte y vida campestre jugaron un importante papel en la nueva pedagogía de los jesuitas, ensayada en Camposancos”, *La Voz de Galicia*, 18 de abril de 1988, pp. 72, 65.
- Fita, Fidel e Aureliano Fernández-Guerra, *Recuerdos de un viaje a Santiago de Galicia por Fidel Fita y Aureliano Fernández-Guerra* (Madrid: Imprenta de los Sres. Lezcano y Comp^a, 1880).
- Ozores Pedrosa, Xavier e Juan Moreno Oterino, *En los Colegios de Anceis, la Guardia y Vigo* (Vigo, 1925).
- Rivera Vázquez, Evaristo, *Colegio Apóstol Santiago. Historia de una larga peregrinación* (Vigo: Artes Gráficas Galicia, 1993).
- Rivera Vázquez, Evaristo, *Memoria de 125 años. Colegio Apóstol Santiago. Jesuitas-Vigo* (Vigo: Artes gráficas Vicus, 1998).
- Romero, Santiago, “O insospitado xerme galego do nacionalismo vasco”, *Luzes* 87 (2020): 34-39.

²⁸ <https://listaroja.hispanianostra.org/ficha/colegio-santiago-apostol-los-padres-jesuitas-camposancos/>

Escolma fotográfica




1. Segunda división. Curso 1880-1881



2. Alumnos de Dereito e de Preparatoria de Enxeñeiros. 1882.



3. Alumnos de Retórica e Matemáticas. Curso 1882-1883.



4. Patios do Colexio.



5. Alumnos de Estudios Superiores en 1884-1885. Manuel Portela Valladares de pé, cuarto pola esquerda.



6. Congregantes. 1902-1903.



7. Alumnos e Xeometría e Filosofía. 1881



8. Estudo da Primeira División. Curso 1893-1894.



9. Alumnos de Física, 1882-1883



10. Banda, 1894



11. Grupo se colexiais, 1893.



12. A derradeira comunidade. Curso 1915-1916.



13. Vista do complexo educativo nos seus inicios desde a horta.

COLEGIO DEL APOSTOL SANTIAGO
LA GUARDIA

Notas del alumno D.
en el mes de *Noviembre* de 1890

HA MERECIDO EN	SEMANAS				
	1. ^a	2. ^a	3. ^a	4. ^a	5. ^a
Deberes religiosos	a	a	a	a	a
Conducta general	a	a	a	a	a
Conducta en el estudio	a	a	a	a	a
Aplicacion en el estudio	a	a	a	a	a
Asio	a	a	a	a	a
Urbanidad	a	a	a	a	a
Conducta en clase de <i>Latin</i>	a	a	a	a	a
Aproachamiento	a	a	a	a	a
Conducta en clase de <i>Historia</i>	a	a	a	a	a
Aproachamiento	a	a	a	a	a
Conducta en clase de					
Aproachamiento					
Conducta en clase de					
Aproachamiento					

EXPLICACION DE LAS NOTAS

La *a* significa muy bien; *aa* casi muy bien; *b* bien; *el* mediano; *l* casi mal; *ll* mal; *o* muy mal.
OPTIME y **BENE** son los mejores merecimientos. Se merece **OPTIME**, teniendo mayor número de *aa* que *aa*; y **BENE**, teniendo más *aa* y *aa*, que *el*. *La* o *hace perder* al **OPTIME**; la *el* el **BENE**.

14. "Explicación de las notas". 1890.



15. Detalle portada do libro-homenaxe.